

ADULTER(O) CRÓNICO

O xardín do Edén, Avalon, Xanadú, Macondo, illa de San Brandán, Comala, Barataria, Tara, illa de Circe, o País do Espello, Arrakis, Terra Media, Oz, terras de Miranda... semella que o ser humano desde sempre habitou algún espazo máis do que lle tocou en sorte con esta terra. Que hai arxila abondo no noso cerebro como para alzar con ela territorios fastosos, soñadores ou miserables nos que proxectar (coma no fondo dunha caverna) unha vida paralela, unha existencia quizais non máis nobre, pero en calquera caso máis desexada. Todo froito quente da imaxinación merece vivir algunha vez.

Os trucos que empregamos para dar forma a eses lugares son variados: desde os mapas e viaxes de Marco Polo ou Mandaville escritos sobre papel de cânabo, ata esa outra forma da Historia que se proxecta en salas escuras e que vai precedida de anuncios de moteis e tabaco. A construción dun espacio sempre precisa de certa solemnidade: escuridade inicial, silencio espectral... Eu, por exemplo, estou construíndo agora mesmo un espacio coas miñas palabras. Agora mesmo. Con esta cara de inocente. Se quero que imaxinedes un palacio branco neve xamais turbado por palabra algunha, fago un silencio así

Ata que o silencio vólvese incómodo, porque un xa non sabe qué facer dentro do seu palacio branco neve xamais turbado por palabra algunha. Os humanos sempre acabamos por precisar, para os nosos espacios, algún

tipo de palabra que os governe, que os faga nosos: desde o deseño máxico do bisonte na casa de Altamira, pasando polos graffiti de Pompeia ata a mensaxe conmovedoramente kitsch “Benvidos a este fogar”. Non hai construción na que non proxectemos o noso selo máis persoal (e tamén sobrevalorado) como especie: a palabra.

E isto é o que acontece con Aldemunde. Aldemunde pertence a esa estirpe de espazos que, malia o seu parecido innegable e sen pura coincidencia coa realidade, son retellados e rebautizados na mente dun creador. As palabras axítanse para testemuñar ese lugar que non é senón «os extremos do vento», as palabras cobran a forma dos seres que alí viviron, da súa flora e fauna inventadas (o «ondequeira», a «quenmedera») porque ás veces unha terra non é se non hai palabras que a nomeen. Así que desvelo o segredo: o Breviario de Aldemunde non é máis que un conxunto de restos que dan fe dun espazo mítico, restos que viaxaron no interior dunha botella ou garrafa a xeito de mundo en miniatura.

Aldemunde é, pois, un lugar. Sen creador, sen destructor. Do que só coñecemos ao cronista principal (que se fai chamar, astutamente, **Adulterino**), uns cantos datos de índole cartográfica (as terras sitúanse, segundo se di «alí onde os peixes abominan da súa existencia» ou «onde o mar pega a volta»), unha relación de topónimos e unha serie de notas necrolóxicas acerca de individuos que reteron na retina a particular orografía de Aldemunde mesturada coa dos lugares remotos dos que procedían. Todo isto inserido nun marco documental que cheira a verdade, como as boas ficcións, e conformado por: un mapa, a reseña do editor, a de alguén que describe cómo se atopou o Breviario e en mans de quen, un apunte xeográfico que semella extraído dalgún Atlas e unha notiña do Departamento de Linguas Mortas da Universidade de Compostela na que se analiza esa «xerga derivada do latín» na que foi escrito o Breviario. Así, con toda a retranca.

Os humanos sempre corremos o delicioso risco de crer. Tanto é así que sei do caso dunha antropóloga que nun libro de seu falaba dunha Enciclopedia China dun conto de Borges (unha que dividía aos animais en a) pertencentes ao Emperador, b) que de lonxe parecen moscas, c) porcos, d) pintados cun pincel moi fino de pelo de camelo, e etc.), falaba desa Enciclopedia como se existise no mundo real. A credulidade e o candor desa antropóloga atravésannos. E se a Enciclopedia existise realmente e

somos nós os necios con sorriso de suficiencia que *sabemos* que foi un invento de Borges? E se Aldemunde está fermosamente viva e terrestre i eu fico aquí, de parva, lendo unha crónica dunha crónica dunha crónica, coa certa prepotencia de saberme no mundo real, mentres que por Rocamonde, por Morquintián, por Rivadizo ou por Borneiro andan Brancadio da Oliveira ou Marciano Taboada (autodidacta por necesidade) ou Li Shang (acróbata da China mesmiña) ou Sir John Westmoreland escoitando a banda de música cos traxes dos seus mariños defuntos, ou algún bocabertado botando peixes de pracer pola boca mentres ri de nós? E quen sabe se todos eles non andarán a falar neste momento de nós coma se fosemos os persoeiros dalgunha crónica apócrifa, a crónica de Carralmundi, qué sei eu, e nas súas palabras hai tanto dereito coma nas nosas a ser reais, verosímiles, cheas de forza, e de chiste e de gañas de existir?

O significado último de toda crónica é deixar constancia. Forzar memoria. Limpar as pedras do brión das eras e tentar achegarnos a esa enorme turbina eléctrica que é a identidade. A identidade esencial, vista dende os ollos do cronista, é a da terra que mamamos, a dos seus nomes e heroes colectivos. Non hai un protagonista único. Quen fai a proeza é a terra. En Aldemunde, sobre todo, o mar :«Só polos navíos desnortados saben os seus habitantes da existencia doutros mundos». Esta aldea ou este mundo, ou este híbrido de ambas as dúas cousas, coma o centauro ou a serea, fai de Aldemunde un lugar inmensamente cativo, do seu Breviario unha escrita brevemente inmensa, dos seus poboadores uns seres campesiñamente cosmopolitas e fantasmagóricamente vivos e do seu hábitat unha inhabitual certeza: a de que toda esa memoria, sempre que permaneza fisicamente, nalgún libro, nalgunha reseña perdida dalgunha relación de lugares imposibles, nalgún anuncio por palabras dun xornal co que envolvemos o peixe, nalgunha entrada ou saída de diccionario cósmico, nalgún xogo infantil, nalgunha viñeta de cómic... toda esa memoria terá algo vivo, será hábitat habitable para o noso outro lado da vida. Será o que nos permita correr sen tocar o chan, adulterar esta terra que pisamos para mirala desde a distancia e o carriño.

Todos somos os amantes adúlteros de cada recanto desta terra. Como Adulterino, cronista necrolóxico de Aldemunde, somos outra cousa para tratar de achegarnos ao noso sempre como se fose a primeira vez. Iso é unha crónica. E niso consiste o espellismo da memoria.